



//ABANCA



O 'Kit Dixital', a análise no Círculo, da man de **R**

- En 3 cafés dixitais, coa colaboración de ABANCA, a compañía de telecomunicacións dará as claves para aproveitar os bonos de dixitalización dos Fondos Next Generation destinados ás Pemes
- Haberá dúas xornadas *online* (7 e 14 de novembro) e unha híbrida o 21, centrada nas ferramentas para financiar o investimento en tecnoloxía
- **R**, axente dixitalizador en todas as categorías desde o mes de marzo, xestiona a solicitude do bono dixital a empresas galegas sen custo ningún

Vigo, 4 de novembro de 2022.- O Círculo de Empresarios de Galicia e máis **R**, en colaboración con ABANCA, impulsan un ciclo de sesión informativas e dinámicas sobre o Kit Dixital, con todas as claves para aproveitar os fondos europeos. Nun formato áxil de tres “cafés dixitais”, analizaranse todas as claves do Programa Kit Dixital, unha iniciativa do Goberno con 3.000 millóns de euros de investimento dos Fondos Next Generation EU do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

O obxectivo é a concesión de axudas a Pemes a través dos denominados bonos de dixitalización para contratar solucións dixitais acordes coas necesidades das empresas. Neste senso, o operador galego **R** opera como axente dixitalizador de pequenas e medianas empresas galegas desde o pasado mes de marzo sen custo ningún para elas. De todo isto falarase nas tres sesións, dúas *online* (7 e 14 de novembro) e unha en formato híbrido, que pechará o ciclo o día 21.

Na primeira sesión, do próximo luns 7 de novembro, explicárase ao detalle **en que consiste o Programa Kit Dixital**, os bonos, e cal é o papel do axente dixitalizador. Na segunda data, o 14 de novembro, darase un paso máis analizando as mellores **solucións dixitais** dependendo do tipo de negocio, como facer **medrar a compañía a través de internet** e as vantaxes de contar cunha **oficina virtual segura**.

O ciclo culminará o 21 de novembro cun evento híbrido, *online* e presencial, no Círculo de Empresarios de Galicia, onde da man de ABANCA daranse as **claves para financiar o investimento en tecnoloxía**, coa participación experta de Mónica Gondar, directora de negocio de Next Generation e Guillermo Cobelo, xerente de desenvolvemento de produto. Asemade, intervirá e coordinará as charlas Alberto Díaz Freire, responsable de Alianzas e Transformación Dixital de **R**.



//ABANCA



Bonos de dixitalización e un millón de empresas

O programa 'Kit Dixital' é unha iniciativa aprobada polo Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital español que se enmarca no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. A idea é reimpulsar o tecido económico e social no que se desenvolven pequenas e medianas empresas neste período postpandemia. Cun orzamento total de 3.000 millóns de euros procedentes dos Fondos Next Generation EU, facilitaranse axudas para dixitalizar **un millón de pequenas empresas, microempresas e traballadores autónomos** pertencentes a calquera sector ou tipoloxía de negocio.

Os bonos poden acadar un máximo de **12.000 €** para empresas de 10 a 49 empregados, **6.000 €** para microempresas de entre 3 e 9 empregados e **2.000 €** para as que teñan entre 1 e 2 traballadores.

R, axente digitalizador

R propón un **seguimento e asesoramento** único a cada solicitante e pon á súa disposición unha gama ampla de servizos orientados á dixitalización do negocio, ao tempo que se brinda para a **tramitación das axudas** (bonos) e a **implantación** posterior dos servizos. **R** acompañará e asesorará pequenas e medianas empresas para dotalas de solucións áxiles e sinxelas botando man de **alianzas estratéxicas**, incluso con Pemes nacionais e locais para lograr solucións específicas e estará, do mesmo xeito, xunto aos negocios que precisen axuda para realizar o **test de madurez dixital**, dispoñible no portal oficial [Acelera Pyme](#).

Como 'axente dixitalizador', **R** implantará esas solución e daralles servizo durante os **12 meses da axuda** ás Pemes que xestionen con ela o bono dixital, sexan ou non clientas, e prolongará dito servizo no tempo, se a empresa así o decide.

Para máis información e inscricións:

<https://circulo.gal/categorias/kit-digital-sesion-1/>

<https://circulo.gal/categorias/kit-digital-sesion-2/>

<https://circulo.gal/categorias/kit-digital-sesion-3/>